

COMPROBA O QUE SABES PARTE 1. UD2: NUNCA CHOVE COMO TRONA

COMPETENCIAS: COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA

TEXTO 1

1. **Le** o texto en **voz alta** pero **ollo** coas **secuencias** en **grosa**:

- ☺ a pronunciación correcta do artigo que vai despois dun verbo en infinitivo sería: **conserva-las nosas frases, substituí-las nosas formas, ve-los touros e desenvolve-la particular filosofía (2ª forma do artigo)**
- ☺ **aos, ao** lese sempre **ós/ó (abertos /ɔ/)**
- ☺ **para**, pódese pronunciar **pra** (máis habitual na oralidade) ou **para**.

DITO E FEITO

Falei xa varias veces da importancia de **conservar as nosas frases** feitas. Estes bordóns tan útiles no camiño da expresión cotiá son das primeiras fendas polas que a lingua dominante (no noso caso, o castelán) penetra e acaba por **substituír as nosas formas** propias por préstamos foráneos, innecesarios e, finalmente, enterradores desta parte do noso patrimonio lingüístico.

Hai dúas clases de substitución: a que se fai directamente na lingua dominante: "Ala, agora cada mochuelo ao seu olivo". A lingua galega oral está ateigada de castelanismos e, en moitos casos, que unha frase feita se introduza no discurso en galego tal cal non ofrece demasiada resistencia **aos** oídos menos sensibles.

Mais na maior parte dos casos, as frases feitas castelás pasan **ao** noso idioma como figuras que poderíamos definir como castrapismos semánticos, xa que poden incluso estar escritos en perfecto galego pero en realidade definen formas alleas, ben porque responden a connotacións que non se corresponden coa cultura galega ben porque existen formas galegas precisas para eses casos. Cando dicimos: "Non son eu moito de **ver os touros** desde a barreira", desde o punto de vista ortográfico non hai chata, mais a fraseoloxía referida **ao** mundo dos touros é estraña á nosa tradición cultural e deberíamos utilizar formas propias, mediante frases feitas nosas: "Non son moito de ver **para** os figos e non papalos" ou mediante fórmulas orixinais: "Non son moito de quedar impasible diante de situacións así".

Debemos reparar en que nalgúns casos podemos empregar dúas formas diferentes. Por exemplo, tan válida é "pouco a pouco" coma "pouco e pouco".

E noutros, o matiz é importante porque permite **desenvolver a particular filosofía** da nosa cultura expresada e refinada século tras século na nosa fala. É o caso de dito e feito, calco do castelán "dicho y hecho". En galego é preferible empregar a expresión *meu dito, meu feito*. A que ten outro toque? (Adaptación) César Lorenzo Gil

<https://dubidasdogalego.wordpress.com/category/frases-feitas/>

2. Cal é o **obxectivo principal** do **autor** do **texto** anterior?

- a) Instruír os lectores no uso das frases feitas.
- b) Convencer os lectores para que usen castrapismos.
- c) Informar os lectores dos distintos tipos de frases feitas que existen en galego.
- d) Demostrarlles aos lectores o fácil que é usar frases feitas.
- e) Sensibilizar os lectores sobre a importancia de conservar as frases feitas galegas.**

3. **Explica** concisamente as **dúas clases** de **substitución** de **frases feitas** mencionadas no **artigo**:

Solución:

Unha é a que introduce directamente as frases feitas en castelán. A outra é máis sutil porque as frases feitas castelás pasan ao galego como castrapismos semánticos, é dicir, están escritos en perfecto galego pero o certo é que definen realidades que non se corresponden coa nosa cultura ou para as que nós temos unha proposta diferente.

4. **Escribe** unha **entrada** para o **blog** da **biblioteca** do teu centro que comece pola última oración deste fragmento e **que non teña** nada **que ver** co seu **contido**. (Aproximadamente 150 palabras)

A que ten outro toque?...

TEXTO 2

1. **Le** o **texto** en **voz alta** pero **ollo** coas **secuencias** en **grosa**:

a) **ao** lese sempre **ó (aberto /ɔ/)**

b) a pronuncia correcta do artigo **o** que vai despois do infinitivo **renovar** sería: **renova-lo discurso**.

MANTERSE NUNHA LINGUA MINORIZADA SUPÓN UN COMPROMISO ÉTICO E UNHA FORMA DE LOITAR CONTRA O PODER

Montse Dopico | @montsedopico

Hai xa tempo que se está a falar de como **renovar o discurso** arredor da normalización do galego. Non para negalo, senón para apontoalo. Son diversos os debates que se desenvolveron, **ao** respecto, nos últimos anos. E unha das perspectivas que se está a abrir camiño con máis forza é a ecolóxica, proposta por autoras como Teresa Moure. Un dos alumnos desta, Miguel Moreira, acaba de publicar en Xerais o ensaio *Contra a morte das linguas. O caso do galego*, que afonda, precisamente, na óptica ecolingüística. Falamos con el deste libro, repasando, ademais, boa parte das controversias sobre o tema. O autor presentará esta obra o vindeiro día 17, acompañado por Pilar García Negro, ás 18:00 horas no local Test Pop Up (rúa Barcelona, 58), na Coruña, nun acto organizado pola librería Suévia.



*O teu libro desenvolve unha perspectiva ecolóxica sobre a lingua que estaba xa presente en obras de Teresa Moure ou Goretti Sanmartín. De que maneira se pode **renovar o discurso** a prol do galego a través desta óptica?*

É un campo moi pouco traballado no noso contexto. A perspectiva ecolingüística ofrece alternativas para a conservación da diversidade lingüística. Trabállase nesta dirección no campo da biodiversidade. Mais a desaparición de linguas non causa a mesma alarma social

que a extinción de especies animais ou vexetais. Se cadra tamén porque desde ámbitos científicos como a lingüística ou socioloxía non se desenvolveu esta perspectiva. Fáltannos traballos desde o galego e feitos en galego que a adopten. Porque ten moito que achegar.

<http://praza.gal/cultura/7157/Imanterse-nunha-lingua-minorizada-supon-un-compromiso-etico-e-unha-forma-de-loitar-contra-o-poderr/>

2. **Completa** o enunciado coa **opción correcta**:

«**Contra a morte das linguas. O caso do galego...**

- a) é un drama que afonda na ecoloxía lingüística»
- b) é unha ensaio de Teresa Moure»
- c) é unha novela que afonda na óptica ecolingüística»
- d) é unha ensaio que profunda na óptica ecolingüística»**
- e) é unha novela de Miguel Moreira»

3. **Escribe** todos os **termos** que aparezan no **texto** do **ámbito** da **sociolingüística**:

Lingua minorizada, normalización, ecolingüística, perspectiva ecolóxica sobre a lingua, conservación da diversidade lingüística, biodiversidade –lingüística–, desaparición de linguas.

4. **Describe** a **fotografía** da **portada** do **libro** tal como ti a interpretas segundo o tema que trata. (Aproximadamente 150 palabras.)

TIPOLOXÍA TEXTUAL: O TEXTO TEATRAL

1. **Relaciona** os seguintes **termos** da **teoría teatral** co seu **significado**: acto, arquetipos, trama, conflito e espazo escénico.

Sucesión de accións provocadas polos conflitos causados nas relacións entre os personaxes.	Trama ou argumento
Personaxes que representan comportamentos humanos comúns a distintas épocas e lugares.	Arquetipos
É onde se desenvolve a representación dramática, cuxo deseño parte das indicacións que o autor dá na obra.	Espazo escénico
Unidade na que a trama se desenvolve de maneira continua no tempo.	Acto
Enfrontamento entre personaxes contrarios que teñen distintas formas de entender o mundo ou diferentes actitudes ante unha mesma situación	Conflito ou desacordo

2. **Introduce** na seguinte **escena** as **indicacións** que consideres necesarias (**iluminación, escenografía, movementos, actitudes dos personaxes...**):

AURORA: –Que fas aí?

LITO: –Nada, mamá. Asustáchesme.

AURORA: –Á cama. Veña. Déitate xa. Cres que son horas de chegar? Está raiando o día.

LITO: –Xa vou, mamá. Estou buscando algo... para ler.

AURORA: –Estás ti bo para ler. Veña, de présa. A ver se así consigo durmir. Non puiden pechar ollo en toda a noite. Se polo menos non saíses coa moto.

LITO: –Que pasa coa moto? Ciskas de medo con só oír falar dela. Non pasa nada, vella. Tranqui. Preocúpaste demasiado. Vai durmir. Eu déitome tamén de contado. En canto atope...

AURORA: –Perdes o tempo.

LITO: –Perdo o tempo? Eu? Falas comigo?

AURORA: –Non está o que buscas.

LITO: –Busco un libro.

Euloxio R. Ruibal: *Noitebra*

Resposta aberta:

NO INICIO DO TEXTO ORIXINAL:

«Sala de casa modesta, tan só iluminada pola tenue luz que entra pola vidreira que dá ó patio interior. Ábrese a porta e asoma a cabeza Lito, mozo de vinte e tantos anos; deslízase logo nas puntas dos pés, procurando non facer ruído. Camiña con inmóbil por un intre. Diríxese logo á estantería e revolve entre os libros e papeis na procura de algo. Cada vez semella máis impaciente. Cáelle un libro ó chan. Paralízase de novo. Non observa nada anormal; reinicia a busca. Acéndese a luz e Lito sobresáltase. Entra Aurora, a súa nai, muller duns sesenta anos. Leva posta unha bata por riba do camisón».

COÑECEMENTO DA LINGUA: ORTOGRAFÍA, LÉXICO E MORFOSINTAXE

1. Recoloca os signos de puntuación (–, !, «», (), ? e –) intercambiados:

Sara, que queres agora! Porque xa está ben) Primeiro, tráeme isto; despois, tráeme o outro... Nin que foses a única persoa no mundo que colleu a gripe? Pero estame ben, que xa me avisou Rafael !o ex!alcalde do concello de Muros!:

(Non vaias «dixo». Esa rapaza está moi consentida: é unha –princesiña–.

Consentida é pouco dicir, -raíña- máis ben? E pensar que eu podía estar en Compostela «na capital» e vendo a última obra do CDG «Centro Dramático Galego». Como me apetecía ir– Cando hai un mes me dixo Antón: (Vés comigo ao teatro!). Case caio desmaiada. E agora de –baby-sitter–» A quen se lle conte«

Solución:

Sara, que queres agora? Porque xa está ben! Primeiro, tráeme isto; despois, tráeme o outro... Nin que foses a única persoa no mundo que colleu a gripe! Pero estame ben, que xa me avisou Rafael (o ex-alcalde do concello de Muros):

–Non vaias –dixo–. Esa rapaza está moi consentida: é unha «princesiña».

Consentida é pouco dicir, «ráíña» máis ben! E pensar que eu podía estar en Compostela –na capital– e vendo a última obra do CDG (Centro Dramático Galego). Como me apetecía ir! Cando hai un mes me dixo Antón: «Vés comigo ao teatro?». Case caio desmaiada. E agora de «baby-sitter»! A quen se lle conte!

2. **Completa**, con **unha palabra** en **cada oco**, as **regras** de uso do **guión (-)**:

O guión é un trazo _____ (-) con varias funcións:

- O guión _____ indica que unha palabra que non colle nunha liña continúa na _____:

Despois dunha longa tempada nalgunha cidade británica, volveu á súa terra.

- En xeral, o guión non se utiliza nas palabras _____ plenamente consolidadas (_____, _____...). Pero si coas palabras compostas _____ ou non totalmente incorporadas ao léxico da lingua:

–Aplicado a un _____ ou condición que se tivo anteriormente, cando usamos ex-: _____, ex-alcalde.

–Nas palabras que teñen como _____ elemento non: *non-violencia*, _____.

–Nos nomes _____ compostos dos puntos _____: _____, *les-nordeste*. Agás cando se indican só _____ puntos cardinais: *suroeste*, _____.

–Nalgunhas palabras _____: *wáter-polo*, _____.

–Na unión non consolidada de dous _____: *Tivo lugar un encontro lúdico-festivo*.

–Na unión de dous substantivos como equivalente a unha _____ ou a unha _____: *Na novela descríbese unha relación amor-odio (de amor e odio)*.

Solución:

O guión é un trazo **horizontal** (-) con varias funcións:

- O guión **silábico** indica que unha palabra que non colle nunha liña continúa na **seguinte**:

Despois dunha longa tempada nalgunha cidade británica, volveu á súa terra.

- En xeral, o guión non se utiliza nas palabras **compostas** plenamente **consolidadas** (**paraugas**, **socioeconómico**...). Pero si coas palabras compostas **ocasionais** ou non totalmente incorporadas ao léxico da lingua:

–Aplicado a un **cargo** ou condición que se tivo anteriormente, cando usamos ex-: **ex-presidenta**, ex-alcalde.

–Nas palabras que teñen como **primeiro** elemento non: *non-violencia*, **non-fumador**.

–Nos nomes **dobrememente** compostos dos puntos **cardinais**: **sur-suroeste**, *les-nordeste*. Agás cando se indican só **dous** puntos cardinais: *suroeste*, **nordeste**.

–Nalgunhas palabras **estranxeiras**: *wáter-polo*, **big-bang**.

–Na unión non consolidada de dous **adxectivos**: *Tivo lugar un encontro lúdico-festivo*.

–Na unión de dous substantivos como equivalente a unha **preposición** ou a unha **conxunción**: *Na novela descríbese unha relación amor-odio (de amor e odio)*.

3. **Escrebe 3 exemplos** por cada tipo de **frase**:

- a) Frase nominal: **(A próxima viaxe, esa rapaza, os exames finais.)**
- b) Frase adxectiva: **(Ben intelixente, moi animada, pouco simpático.)**
- c) Frase adverbial: **(Moito antes, moi atrás, antonte.)**
- d) Frase preposicional: **(De súa irmá, para a bicicleta, con esa xente.)**

4. **Subliña as frases preposicionais** do seguinte fragmento:

A muller do cuarto veciño estivo facendo moito ruído pola noite. Cando llo dixen hoxe, quedou sorprendida:

–Unha nena tan pequena protestando. A onde imos parar? –dixo.

Eu respondílle:

–Érache boa! Nena pequena serao vostede, porque eu xa vou para cinco anos! Despois pregunteille a que idade, segundo ela, se comezaba a protestar. Foi de cine, quería dar unha labazada!

–Groseira! –berroume.

Teño que confesar que aquí perdín a paciencia. Se meu pai non chega a aparecer cos paquetes da compra, esa muller ía saber con quen trataba!

Solución:

A muller **do cuarto veciño** estivo facendo moito ruído **pola noite**. Cando llo dixen hoxe, quedou sorprendida:

–Unha nena tan pequena protestando. A onde imos parar? –dixo.

Eu respondílle:

–Érache boa! Nena pequena serao vostede, porque eu xa vou **para cinco anos**! Despois pregunteille a que idade cría ela que se comezaba a protestar. Foi **de cine**, quería dar unha labazada!

–Groseira! –berroume.

Teño que confesar que aquí perdín a paciencia. Se meu pai non chega a aparecer **cos paquetes da compra**, esa muller ía saber con quen trataba!

5. **Escolle a explicación** adecuada para cada unha das **frases feitas**:

- a) Non fales tanto é *vai ao conto*: **Fala do asunto que realmente importa.**
- b) A Mariano *chóvelle* un pouco, ira que presentarse no exame disfrazado de policía...: **Fai as cousas sen sentido.**
- c) Onte Clara *choraba ás cuncas*. Total, por suspender unha materia!: **Sen consolo.**
- d) Vou levar paraugas, *non sexa o demo* que chova: **Por se acaso, polo que poida pasar.**
- e) A semana pasada vin o teu avó e estache *feito un abril*: **Está lucido, fermoso, galán.**
- f) *Custoulle ferro e fariña* aprobar as matemáticas: **Resultoulle moi difícil.**

http://wiki.trasno.net/Ditos_e_frases_feitas_-_e_outros_apuntamentos

6. **Extrae as ideas principais** deste **texto** sobre as **linguas minorizadas**:

Os grandes grupos de poder presentaron sempre as linguas como só códigos de comunicación. Desta maneira, en termos de capital unhas determinadas linguas son consideradas mellores polo seu mellor posicionamento, porque poden favorecer a mobilidade social... Mais o revolucionario, e a verdade, é dicir que as linguas non son só códigos de comunicación. Son mecanismos mediante os cales interpretamos o mundo. As propias linguas constrúen a realidade de maneiras diversas. Así, a morte dunha lingua non

é só unha perda para a comunidade que a falaba. É un empobrecemento que afecta a toda a humanidade, do mesmo xeito que a extinción dunha especie vexetal no Brasil, por exemplo, afectaría á biodiversidade. Ocorre que as interpretacións dominantes están conscientemente manipuladas. Nun proceso de aculturación, o abandono dunha lingua non é voluntario. É inducido socialmente e non unha decisión individual libre.

<http://praza.gal/cultura/7157/Imanterse-nunha-lingua-minorizada-supon-un-compromiso-etico-e-unha-forma-de-loitar-contr-o-poderr/>

Solución:


- 1. Os grupos de poder presentan as linguas exclusivamente como medios comunicativos.**
 - 2. Uso das linguas como ferramenta de poder.**
 - 3. As linguas fornécennos as claves para comprender o mundo.**
 - 4. A desaparición dunha lingua empobrece a toda a humanidade.**
 - 5. A aculturación desenvólvese lentamente orquestrada polos grupos dominantes.**
7. Na nube están mesturadas **frases feitas** relacionadas co **tempo cronolóxico** e **meteorolóxico**. **Sepáraas** por **campos semánticos** e **explica** o seu **significado**:

TEMPO CRONOLÓXICO:

- ... **A boas horas!: xa é tarde.**
- ... **Á luzada: pola mañá cedo**
- ... **Cando o demo chisca un ollo: rapidamente, nun momento.**
- ... **Deitarse coas galiñas: deitarse moi cedo.**

TEMPO METEOROLÓXICO:

- ✓ ... **Haber revoltura: producirse un cambio no tempo meteorolóxico.**
- ✓ ... **Pechar que marcha o gato: cerrar as portas que entra frío.**
- ✓ ... **Caer o paxaro morto: ir moita calor.**
- ✓ ... **Dar dente con dente: aterecer co frío.**



8. **Subliña o termo incorrecto de cada serie** de palabras relacionadas co **tempo meteorolóxico**:
- Babuña, orballo, **chuvasco**, poalla, zarzallo.
 - Ballón, bátega, **parruma**, enxurrada, treboada.
 - Brétema, borraxeira, **parruma**, calixe, neboeiro.
 - Carambelo, folerpa, **alustro**, pedrazo, sarabia.
 - Chispa, lóstrego, relampo, **lazo**, chispa.
9. **Pon parénteses onde sexa preciso.**
- A primeira bomba atómica estourou durante a Segunda Guerra Mundial (1939-1945).
 - A cidade de Florencia (Italia) é o berce do Renacemento.
 - A UE (Unión Europea) ten unha moeda única: o euro.
 - Publicaron a convocatoria no DOG (Diario Oficial de Galicia).
 - Os Xogos Olímpicos de Barcelona (1992) tiveron moito éxito.

10. **Analiza sintacticamente** as **frases** da noticia **subliñadas**.

James Rhodes namórase da chuvia de Galicia: "Morro de amor"

O artista reflicte nun tuit varios termos en galego para describir este fenómeno

A relación do pianista con Galicia vai camiño de converterse nun idilio de película.

As súas mostras de admiración pola nosa terra fan que o artista londinense xa

sexa considerado un galego máis,

menção que gañou a pulso cos seus chíos,

moitos deles en galego, nos que incluso

declara o seu amor polo fogar de Breogán:

"Viva Galicia". Tamén, como non, pola

nosa comida.

